








A TER EN CONTA nas iniciativas *Outeiro Madrugador*, *Outeiro Tardes* e *Outeiro Lúdico*:

 No caso de familias numerosas, as cotas para acceder a calquera das iniciativas reduciranse un 50% no caso do segundo ou posteriores fill@s. Esta redución no segundo e posteriores fill@s tamén será de aplicación no caso de familias cualificadas como numerosas con fillos ou fillas con algunha discapacidade recoñecida.

 Para poder obter praza neste programa de conciliación, é preciso que as persoas beneficiarias do mesmo estean empadroadas no municipio ou matriculadas no CEIP Laverde Ruiz; non obstante, o Concello de Outeiro de Rei estudará os casos particulares que se presenten e sempre que resulten debidamente acreditados poderán ser eximidos desta obriga (por exemplo, casos concretos de pais ou nais separados que teñan aos seus fill@s no período vacacional non sendo Outeiro de Rei o municipio de residencia habitual d@s menores pero si do pai ou nai que está realizando a solicitude).

 Igualmente, sempre que exista dispoñibilidade de praza, poderá haber novas incorporacións a calquera destas iniciativas fóra dos prazos de inscrición previstos; nestes casos será preciso aboar a cota establecida para a actividade a excepción da iniciativa OUTEIRO TARDES onde se pagará a mensuralidade completa dende o primeiro mes de incorporación (con independencia da data na que se produza).

Estámoste esperando...



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.....	982 393 281
ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.....	982 393 009
BIBLIOTECA MUNICIPAL.....	982 393 096
SERVIZO MPAL. DE CONCILIACIÓN FAMILIAR	982 315 266



PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN FAMILIAR E APOIO Á EDUCACIÓN

DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI





CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN FAMILIAR E APOIO Á EDUCACIÓN

Nos últimos anos o Concello de Outeiro de Rei foi estruturando unha importante oferta co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral da cidadanía do municipio a través da posta en marcha dun programa municipal de conciliación da vida familiar e apoio á educación no que se inclúe a ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE OUTEIRO DE REI e as seguintes iniciativas:

 **OUTEIRO MADRUGADOR**

 **OUTEIRO TARDES**

 **OUTEIRO LÚDICO**

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

A Escola Infantil Municipal de Outeiro de Rei foi inaugurada o 14/09/2009. Trátase dun servizo de atención educativa e asistencial dirixido a nenos e nenas de 3 meses a 3 anos. Oferta 56 prazas distribuídas da seguinte forma:

- De 0 a 1 ano: **8** prazas
- De 1 a 2 anos: **13** prazas
- De 2 a 3 anos: **20** prazas
- De 0 a 3 anos: **15** prazas

PRAZO XERAL DE SOLICITUDE DE PRAZA: DO 15 DE MARZO AO 30 DE ABRIL.
ENDEREZO: URBANIZACIÓN SANTA ISABEL C/5. OUTEIRO DE REI.

OUTEIRO MADRUGADOR

Servizo de atención infantil que empezou a funcionar en setembro de 2010.

OBXECTIVO	Axudar aos pais/nais que traballan ou que, por outras razóns, necesitan deixar aos seus fillos/as atendidos antes do inicio da xornada lectiva.
DURACIÓN	De setembro a xuño (durante o curso escolar).
LUGAR	LOCAL B
HORARIO	De 07:45 h a 09:30 h
COTA	80 €/anuais ou 6 €/día solto
INSCRICIÓNS	Na biblioteca municipal en horario de 10:30 h a 13:00 h durante a 1ª quincena do mes de xuño. (para solicitudes fóra de prazo, consultar dispoñibilidade).

OUTEIRO TARDES

Servizo de atención infantil que empezou a funcionar o 12 de setembro de 2011.

OBXECTIVO	Axudar aos pais/nais que traballan ou que, por outras razóns, necesitan deixar aos seus fillos/as atendidos despois da xornada lectiva.
DURACIÓN	De setembro a xuño (durante o curso escolar).
LUGAR	LOCAL B
HORARIO	De 15:00 h a 20:00 h (este horario adaptárase ao remate da xornada escolar).
COTA	25 €/mes ou 6 €/día solto
INSCRICIÓNS	Na biblioteca municipal en horario de 10:30 h a 13:00 h durante a 1ª quincena do mes de xuño (para solicitudes fóra de prazo, consultar dispoñibilidade). Os pagamentos mensuais deberán realizarse dentro dos 15 primeiros días do mes anterior.

OUTEIRO LÚDICO

Servizo de atención infantil que empezou a funcionar durante as vacacións de Nadal de 2009.

OBXECTIVO	Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral nos períodos vacacionais creando un espazo de diversión onde os nenos/as levan a cabo xogos, saídas, manualidades...
DURACIÓN	Durante as vacacións escolares de Nadal, Entroido, Semana Santa e verán (consultar dispoñibilidade deste servizo para o mes de agosto) e nos días non lectivos existentes no calendario escolar.
LUGAR	LOCAL B
HORARIO	De 07:45 h a 20:00 h (a excepción de causas debidamente xustificadas, os/as nenos/as non poderán permanecer no centro máis de 8 h diarias).
COTA	120 €/anuais, repartidos en 2 cotas. A 1ª cota de 50 € a aboar na primeira quincena de setembro (inclúe os períodos de vacacións escolares de Nadal, Entroido, Semana Santa e días non lectivos do CEIP Laverde Ruíz). A 2ª cota de 70 € a aboar ata o 1 de xuño (inclúe o período dende o remate do curso escolar ao inicio do seguinte, excluindo o mes de agosto). <u>Mes de agosto: 50 €/mes. Día solto: 6 €/día (suxeito a dispoñibilidade).</u>
INSCRICIÓNS	Na biblioteca municipal en horario de 10:30 h a 13:00 h.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN para 4º de Infantil (mes de setembro). Consultar posibilidade de acollemento de nenos/as en horario de mañá. Cota: 15 €.